

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

ID: 427

Expediente nº: 1/2001.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

Don Luis Alfonso Casais Fernández.

(en sustitución de Don Emilio Sánchez Coto).

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a doce de xuño de dous mil un, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 1/2001, para a posible clasificación como veciñal en man común do monte "COSTA e PENA DO CASTELO", ubicado no concello de CERVO, iniciado por acordo do Xurado coa data do 14 de decembro de

2000, sendo vocal instructor do mesmo **DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do 29 de marzo de 2000, e téndose recibido escrito asinado por **DONA JOSEFA PALEO Balsa** (registro de entrada número 52.039, do día 23 de marzo de 2000), en relación co expediente nº 58/78, tomouse por unanimidade o acordo de proceder ó estudio detallado do mesmo e en concreto das alegacións feitas no seu día durante a súa tramitación, como paso previo á adopción dun acordo definitivo nunha próxima sesión. A parte dispositiva da resolución do devandito expediente, coa data do 21 de abril de 1980, di o seguinte: << **NO CLASIFICAR, como montes vecinales en mano común, aquelas porcións de monte que han sido objeto de expropiación y cuya titularidad pertenece, consecuentemente, a la entidad beneficiaria, esto es, ALÚMINA-ALUMINIO S. A.** >>, non pronunciándose o Xurado sobre a zona non expropiada.

SEGUNDO: Na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do 14 de xuño de 2000,

acordouse dirixir escrito á empresa **Alúmina Aluminio, S. A.** e xuntarlle copia do croquis do expediente nº 58/78, para que sobre o mesmo nos indicaran as zonas que no seu día foron expropiadas.

TERCEIRO: Coa data do 14 de setembro de 2000, recibíuse informe do Xefe do Distrito Forestal da Mariña Lucense, sobre o estado actual do monte "**COSTA e PENA DO CASTELO**".

CUARTO: Coa data do 23 de outubro de 2000 (registro de entrada número 175.707), recibíuse escrito asinado por **DON RAMÓN LUIS FERNÁNDEZ GÓMEZ (representante legal de Aluminio Español, S. A. e Alúmina Española, S. A.)**, respostando ó solicitado e xuntando diversa documentación relacionada coa expropiación.

QUINTO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 10 de xaneiro de 2001), iniciouse o expediente número 1/2001 (por instancia do **Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEXTO: Coa data do 10 de xaneiro de 2001, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

SÉTIMO: Coa data do 11 de xaneiro de 2001, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte "**COSTA e PENA DO CASTELO**", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

OITAVO: Coa data do 15 de xaneiro de 2001 (registro de saída número 4.424, do mesmo día, mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **VIVEIRO** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade; e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

NOVENO: Coa data do 2 de febreiro de 2001, recibíronse dúas certificacións do Rexistro da Propiedade de **VIVEIRO**, nas que se fai constar que o monte "**COSTA DE LIEIRO**" figura inscrito

nese Rexistro a favor do concello de **CERVO** (tomo 431 do arquivo xeral, libro 41 do concello de Cervo, folio 54, predio 3.382) e que o monte "**PENA DO CASTELO**" tamén figura inscrito nese Rexistro a favor do concello de **CERVO** (tomo 431 do arquivo xeral, libro 41 do concello de Cervo, folio 57, predio 3.383), e que non consta ningunha carga sobre os mesmos. Xunta fotocopias seladas e asinadas coa historia rexistral de ámbolos dous predios.

DÉCIMO: Coa data do 5 de marzo de 2001 (registro de saída número 30.981, do día 7 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 5 de marzo de 2001 (registro de saída número 30.988, do día 7 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **VIVEIRO** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 5 de marzo de 2001 (registros de saída números 30.992 e 31.001, do día 7, do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello de **CERVO** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 5 de marzo de 2001 (registro de saída número 31.009, do día 7 do mesmo mes e ano), comunicóuselle a **DONA JOSEFA PALEO BALSA**, con domicilio en **LIEIRO**, parroquia de **LIEIRO**, concello de **CERVO**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 5 de marzo de 2001 (registro de saída número 31.013, do día 7 do mesmo mes e ano), comunicóuselle a **DON RAMÓN LUIS FERNÁNDEZ GÓMEZ** (representante legal de **Aluminio Español, S.A.** e **Alúmina Española, S. A.**), con domicilio en **VIVEIRO**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 5 de marzo de 2001 (registro de saída número 31.484, do día 7 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde de barrio da parroquia de **LIEIRO**, concello de **CERVO**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte "**COSTA e PENA DO CASTELO**", (con voz pero sen voto).

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 5 de marzo de 2001 (registro de saída número 31.487, do día 7 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 28 de marzo de 2001 (registro de entrada número 60.470), recibíuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia de **LIEIRO**, concello de **CERVO**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos:

DON JOSÉ LUIS LÓPEZ FERNÁNDEZ.
DONA OFELIA PITA MARTÍNEZ.

DÉCIMO OITAVO: Coa data do 28 de marzo de 2001, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **VIVEIRO**, na que se fai consta-la anotación preventiva feita polo mesmo (Letra A, predios 3.382 e 3.383, folios 54 e 57, libro 41 de **CERVO**, tomo 431 do arquivo).

DÉCIMO NOVENO: Coa data do 6 de abril de 2001 (registro de entrada número 69.279), recibíuse escrito de **DON RAMÓN LUIS FERNÁNDEZ GÓMEZ** (representante legal de **Aluminio Español, S. A.** e **Alúmina Española, S. A.**), con domicilio en **VIVEIRO**, no que manifesta que no monte "**PENA DO CASTELO**" a sociedade **Aluminio Español** é propictaria dun total de 1.320 m². Tamén manifesta as súas dúbidas de que a superficie das dúas parcelas de monte que se pretenden clasificar, sexa a de 17 hectáreas e ofrécese para contribuir á localización ou medición dalgúns terreos da zona ou para clarificar calquera confusión que puidera existir. Xunta fotocopias simples de actas de pago e ocupación, e fotocopia simple do catastro coa situación dos predios propiedade de **Aluminio Español, S. A.** ós que fai referencia no seu escrito.

VIXÉSIMO: Coa data do 10 de abril de 2001, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número **71**, páxina **4.866**, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte "**COSTA e PENA DO CASTELO**".

VIXÉSIMO PRIMEIRO: Coa data do 3 de maio de 2001 (registros de saída números 60.478, 60.481 e 60.483, do mesmo día, mes e ano), remitíronse escritos relativos ó trámite de audiencia a **DON RAMÓN LUIS FERNÁNDEZ GÓMEZ**, **DON JOSÉ LUIS LÓPEZ FERNÁNDEZ** e **DONA OFELIA PITA MARTÍNEZ**, interesados no expediente.

VIXÉSIMO SEGUNDO: Coa data do 7 de maio de 2001 (registro de saída número 61.791, do mesmo día, mes e ano), remitiuse escrito relativo ó trámite de audiencia a **DONA JOSEFA PALEO BALSA**, interesada no expediente.

VIXÉSIMO TERCEIRO: Coa data do 22 de maio de 2001, comparecen dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia: **DONA OFELIA PITA MARTÍNEZ**, **DONA JOSEFA PALEO BALSA** e **DON JOSÉ LUIS LÓPEZ FERNÁNDEZ**, manifestando estar de acordo coa tramitación do expediente; así mesmo, están de acordo co alegado pola empresa **ALUMINIO**

ESPAÑOL, S. A., en relación coa parcela «**PENA DO CASTELO**», e recoñecen que a zona á que fai referencia a devandita empresa atópase perfectamente amolloada. Tamén manifestan que o predio ubicado na parcela «**COSTA**» e sinalado no plano co número 16, do polígono 45.89.0, é propiedade privada e pertence a **DONA REMEDIOS Balsa Fernández**, veciña de **LIEIRO** do concello de **CERVO**, atopándose debidamente separado do monte con cerramento de muro, polo que estiman debe excluírse do croquis e da superficie (aportan copia do plano coa identificación do mesmo).

VIXÉSIMO CUARTO: Coa data do 30 de maio de 2001 (registro de entrada número 101.786), recibíuse escrito, dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia, de **DON RAMÓN LUIS FERNÁNDEZ GÓMEZ**, representante legal de **ALUMINIO ESPAÑOL, S. A.** e de **ALÚMINA ESPAÑOLA, S. A.**, alegando que se ratifica no manifestado nos seus escritos recibidos coas datas do 23 de outubro de 2000 (**ANTECEDENTE DE FEITO CUARTO**) e do 6 de abril de 2001 (**ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO NOVENO**), sinalando a súa total colaboración para contribuir a clarear calquera confusión que puidera existir para a localización e medición dos terreos ubicados na zona. Acompaña plano parcelario dos predios afectados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecerlo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- No croquis da parcela «**COSTA**» que figura no expediente de investigación previa (carpeta-ficha), hai que excluír un predio de 3.000 metros cuadrados, ubicado preto dunha canle de auga e o camiño de **LIEIRO**. Ten cerramento de pedra moi antigo e está repoboado de eucaliptos, non sendo o seu aproveitamento de tipo comunitario. Dado que o resto da parcela non se aproveita individualmente, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó previsto no artigo 1 da citada Lei.

No croquis da parcela «**PENA DO CASTELO**» que tamén figura no expediente de investigación previa (carpeta-ficha), hai que excluír un predio de 119 metros cuadrados, de forma trapezoidal, que forma parte dos terreos expropiados no seu día pola empresa Alúmina-Aluminio, S. A. Este predio ten como bases a estrada a **SAN CIBRAO** e unha liña de mouteiras, e polos lados menores linda con predios particulares. Dado que o resto da parcela non ten aproveitamentos individuais, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes

Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: "COSTA e PENA DO CASTELO".
Pertenza: veciños dos lugares de Castelo e Lieiro.
Parroquia: Liciro.
Superficie total: 16,6881 hectáreas.
Concello: Cervo.

Estremas da parcela "COSTA" - 13,200 hectáreas:

Norte: estrada de San Cibrao e predios particulares. **Leste:** predios particulares. **Sur:** estrada de Lieiro e predios particulares. **Oeste:** camiño de Lieiro, predios particulares e estrada de San Cibrao.

Estremas da parcela "PENA DO CASTELO" - 3,4881 hectáreas:

Norte, Leste, Sur e Oeste: predios particulares.



[Handwritten signature]
[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

3. SUPERFICIES.

La superficie total del monte "Pena do Castelo y Costa" son ^{16,6881} hectáreas, que se reparten de la siguiente manera entre las dos parcelas que forman el monte:

- "Pena do Castelo"	3,4881	ha.
- "Costa"	13,200	ha.
- TOTAL	16,6881	ha.

4. LÍMITES Y PERÍMETROS.

Son los que a continuación se detallan:

- "Pena do Castelo".

Norte: Carretera que conduce al complejo industrial de Alúmina-Aluminio.

Este: Propiedades particulares.

Sur: Propiedades particulares.

Oeste: Propiedades particulares.

- "Costa".

Norte: Carretera de Lieiro a Costa, propiedades particulares y pista.

Este: Pista y propiedades particulares.

Sur: Pista y propiedades particulares, llegando hasta una franja lineal expropiada por Alúmina-Aluminio para la construcción de infraestructura hidráulica.

Oeste: Camino, propiedades particulares y carretera de Lieiro a Costa.

En ambos casos los perímetros son fácilmente identificables sobre el terreno, ya que en la actualidad los montes se encuentran en su práctica totalidad libres de vegetación, debido a las labores de prevención realizadas en verano de este año por el Servicio de Defensa Contra Incendios Forestales. Ello contrasta con las fincas particulares que las rodean, plantadas con eucalipto. Por otra parte, hay que señalar que la mayor parte del perímetro de ambas parcelas, en la parte en la que

lindan con propiedades particulares, se encuentran limitadas con cierres de piedra pertenecientes a esas fincas particulares.

5. ESTADO FORESTAL. APROVECHAMIENTOS.

El monte se encontraba, hasta la labor antes citada de prevención de incendios forestales, cubierto por vegetación arbustiva, predominando matorrales de tojo y brezo. También hay presencia, formando incluso pequeños rodales, sobre todo en *Costa*, de pies de eucalipto, además de algunos pinos del país, procedentes de regeneración natural.

Los aprovechamientos tradicionales de estos montes, debieron de ser en principio, el pastoreo de toda clase de ganados, la roza del matorral, y en su caso la corta de maderas y leñas. Solamente en circunstancias excepcionales se recurrió a la roturación y siembra de especies propias de la agricultura de la zona. Recientemente, hubo aprovechamientos de maderas procedentes de pies de eucalipto y pino, que fueron utilizados para sufragar gastos en lo que había incurrido la comunidad.

Todos estos aprovechamientos fueron realizados en común por los vecinos.

6. ESTADO SOCIO-ECONÓMICO.

Uno de los factores más relevantes de Cervo es la diversificación de su base económica, que se refleja en una tasa de ocupación laboral muy elevada (90,95%) y una tasa de paro inferior a la media gallega (9,05%), siendo la población activa, el 50,80% de la población total.

El enclave industrial Alúmina-Aluminio, entre Cervo y Xove, absorbe un importante volumen de mano de obra.


La existencia de arcillas y caolín en la zona, permitió la expansión de la industria derivada de esta materia prima, como son las fábricas de ladrillos, tejas y sobre todo loza, cuya máxima representación corresponde a Sargadelos.

7. CONCLUSIONES.


A la vista de todo lo anterior y considerando el tipo de aprovechamiento que en la actualidad se realiza, se propone que se clasifique como monte vecinal en mano común el monte de las siguientes características:

Nombre: "*PENA DO CASTELO Y COSTA*".


Pertenencia: Comunidad de vecinos de los lugares de Castelo y Lieiro.



	CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE DELEGACION PROVINCIAL DE LUGO Servicio de Montes e Industrias Forestais	
	MONTE : " PENA DO CASTELO E COSTA " Pertencencia : Comunidad dos veciños de Castelo e Lheiro Término Municipal : Cervo	ESCALA : 1 : 10.000 Plano localización Lugo, decembro do 2000 O Enxeiteiro de Montes  Fdo.: R. Ignacio Sánchez Álvarez
Superficie total : 		



	CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE DELEGACION PROVINCIAL DE LUGO Servicio de Montes e Industrias Forestais	
	MONTE : " PENA DO CASTELO Y COSTA " Parcela : Pena do Castelo Pertencencia : Comunidad de los vecinos de Castelo y Lieiro Término Municipal : Cervo	ESCALA : 1 : 2.000 Base Catastral
Superficie total : 16,6881 ha. Superficie " Pena do Castelo " : 3,4881 ha.	Lugo, decembro do 2000 O Enxeñeiro de Montes  Fdo.: R. Ignacio Sánchez Álvarez	



	CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE DELEGACION PROVINCIAL DE LUGO Servicio de Montes e Industrias Forestais	
	MONTE : " PENA DO CASTELO Y COSTA " Parcela : Costa Pertencencia : Comunidad de los vecinos de Castelo y Liero Término Municipal : Cervo	ESCALA Base Catastral  Lugo, dec. 19... O Enxeñeiro... Fdo.: R. Ig...
Superficie total : Superficie " Costa " :	16,6881 ha. 13,200 ha.	